

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR ÁS EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1º Obxecto

Establécense as bases reguladoras do programa COMPOSTELA MÓVESE 2023 “Axudas a empresas de Economía Social” para a concesión, en réxime de **concorrenza competitiva**, de axudas destinadas á consolidación e o mantemento de empresas con forma xurídica de **cooperativa, sociedade laboral, centro especial de emprego ou empresa de inserción** definida como tal segundo o establecido na Lei de Economía Social de Galicia.

2º Finalidade

A finalidade destas axudas é contribuír á consolidación e desenvolvemento do tecido empresarial no Concello apoiando a empresas de economía social mediante **axudas ao gasto corrente** no que incorren para desenvolver a súa actividade empresarial, nun momento especialmente delicado tras a pandemia da COVID-19 e os efectos derivados da mesma.

3º Persoas beneficiarias

Poderán resultar beneficiarios das axudas previstas nesta convocatoria as cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego, e empresas de inserción (definida como tal segundo o establecido na Lei de economía Social de Galicia), que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter iniciada a actividade o 1 de xaneiro de 2023 ou ben iniciala dentro do período subvencionable, e manterse en activo durante o ano da convocatoria.
- Para os efectos deste programa enténdese como data de inicio de actividade aquela en a que a persoa solicitante cause alta no IAE ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios.
- Ter a súa sede social, fiscal e, polo menos, un centro de traballo, no Concello de Santiago.
- Que a súa actividade empresarial sexa viable económica, financeira e tecnicamente.

Non poderán ser beneficiarias aquelas empresas participadas por algunha Administración Pública

4ª.- Criterios de Concesión

Será requisito indispensable para optar á concesión da subvención obter unha puntuación global igual ou superior a 4 puntos. As empresas que non alcancen dita puntuación serán eliminadas do proceso de selección. Teranse en conta na valoración das solicitudes presentadas a esta convocatoria, os seguintes criterios:

A. MEMORIA EMPRESARIAL A memoria empresarial, que deberá acompañas á solicitude, deberá conter a seguinte información:

- Breve historia da empresa.
- Actividade da empresa: Epígrafes IAE, produtos ou servizos para a venda.
- Tipo de empresa de economía social (sociedade laboral, centro especial de emprego, empresa de inserción ou clase de cooperativa).
- Tamaño da empresa: En función da definición de micro empresa, pequena e mediana empresa da UE, deberase indicar o tamaño da empresa (persoal, facturación, balance)
- Persoas que conforman a empresa: socias traballadoras, persoas asalariadas, así como a estrutura e organigrama da empresa, con especial mención ao emprego feminino e ás persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
- Uso do idioma galego na actividade da empresa.
- Outras informacións de interese, como o uso de TIC, actividades de internalización da empresa, etc.

-Orzamento de gastos subvencionables.

A extensión da memoria será de sete páxinas como máximo. A memoria empresarial valorarase, como máximo, con **tres puntos**. Valorarase en base ao contido (deberá conter toda a información requirida e relevante), e á súa presentación.

B. Emprego feminino: Valorarase **cun punto** cando a maioría do capital social e/ou a maioría das persoas traballadoras da empresa sexan mulleres.

C. Valorarase **cun punto** a presenza na plantilla da empresa de persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social.

D. SECTOR DE ACTIVIDADE As empresas incluídas en sectores de actividade máis castigados pola crise da COVID 19 (hostalería, comercio, e turismo), serán valoradas **cun punto**, así coma os sectores agrolimentario, xardinería ou sector servizos.

E. USO GALEGO A utilización do galego nas actividades da empresa, así como na memoria valoraranse **cun punto**.

F. INTERNACIONALIZACION A internacionalización das actividades da empresa valorarase **cun punto**. Isto deberá ser acreditado de forma fidedigna por parte da empresa.

G. TAMAÑO DA EMPRESA Atendendo á definición de micro empresa, pequena, e mediana empresa da UE, valorarase **cun punto** ás micro empresas, e con **0,5 puntos** ás pequenas empresas.

5º Gastos subvencionables

Terán a consideración de **gastos subvencionables** os considerados como correntes **realizados e pagos entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 1 de outubro de 2023**. En concreto, os **definidos no grupo 6 do PGC** de PEMES seguintes:

-Subgrupo 60: Contas 600, 601 e 602 correspondentes a compras de mercadorías, compras de materias primas, e outros aprovisionamentos.

- Subgrupo 62: Servizos exteriores, excepto a conta 620 “Gastos de investigación e desenvolvemento.
- Subgrupo 64: Contas 640, 642 e 647 correspondentes a salarios, anticipos societarios das persoas socias traballadoras de cooperativas e Seguridade social a cargo da empresa.

Non serán subvencionables, en ningún caso, os investimentos en activo ou que poidan activarse nun futuro.

Os gastos teñen que ser pagados por transferencia bancaria, domiciliación bancaria, talón bancario ou mediante cartón de crédito. Segundo o artigo 29.8º da Lei 9/2007, en ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. Segundo o establecido

no artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, modificado por artigo 11 da Lei 18/2022, de 28 de setembro de 2022, de creación e crecemento de empresas, os gastos subvencionables deber ter sido aboados nos prazos de pagamento previsto na normativa sectorial que lle sexa de aplicación á empresa ou no seu defecto nos establecidos na Lei 3/2004 de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado con outros fins.

6º Contía da subvención

A contía da subvención será a menor entre as seguintes:

- O 80% dos gastos subvencionables debidamente xustificados, cun tope máximo, por beneficiario, de 5.000 euros.
- A resultante da aplicación da seguinte fórmula: $\text{Importe por beneficiario} = (\text{Puntos conseguidos polo beneficiario} / \text{total de puntos dos beneficiarios}) \times 160.000\text{€}$

En caso de existir remanente na partida orzamentaria, este repartirase entre os beneficiarios cuxa axuda inicial non acadase o 80 % dos gastos subvencionables debidamente xustificados, cun tope máximo, por beneficiario, de 5.000 euros de forma proporcional á puntuación obtida.

Neste caso aplicaríase a seguinte fórmula: $\text{Importe do remanente por beneficiario} = (\text{Puntos conseguidos polo beneficiario} / \text{total de puntos dos beneficiarios}) \times \text{remanente total}$ O importe final da subvención, non poderá superar o importe máximo de 5.000 euros por beneficiario, nin o importe total do 80% dos gastos subvencionables debidamente xustificados.

Ao presente programa destínase unha partida de 160.000 euros con cargo aos orzamentos municipais do ano 2023 partida 010 43300 4790002.

En ningún caso o importe das axudas concedidas a cargo desta convocatoria poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia a desenvolver o beneficiario.

7º Solicitudes e documentación

Nesta convocatoria contémplase unha única fase que contemplará a presentación de solicitudes e a xustificación.

Presentación de solicitudes:

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos. Se a presentación se realiza a través da sede electrónica do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal) debera escoller o trámite “Solicitud de subvención” do catálogo de trámites dispoñibles.

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Formulario normalizado CS006ES dispoñible como anexo I debidamente cuberto en todos os seus campos e asinado electrónicamente deberánse cubrir todos os datos, así como as seguintes declaracións responsables:

- Declaración de todas as axudas solicitadas ou concedidas, durante o ano 2023, polas administracións públicas competentes ou entes públicos, nacionais ou internacionais ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitou nin obtivo outras axudas ou subvencións.
- Declaración de que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co Concello de Santiago achegando os certificados correspondentes.
- Declaración de que non está afectada polo réxime de mínimos a que se acolle esta convocatoria.
- Declaración de que os requisitos para poder ser beneficiaria cómprense no momento da publicación desta convocatoria no BOP.
- Declaración responsable conforme os datos contidos na memoria son veraces.
- Declaración responsable da persoa solicitante de non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario recollidas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1. Alta no réxime de Seguridade Social ou Mutua profesional, elixido dos socios das persoas solicitantes.

2. Certificado de situación censual actual da AEAT. Deberá constar epígrafe da actividade, data de alta, e domicilio da actividade.
3. Escritura de constitución e/ou posteriores modificacións, da sociedade ou cooperativa, ou sociedade laboral, no seu caso.
4. NIF/CIF da empresa.
5. DNI da persoa que ostente a representación da sociedade e documento que acredite dita representación.
6. Orixinal ou fotocopia compulsada do poder suficiente outorgado para a tramitación desta axuda a un terceiro por representante da empresa, así como DNI da persoa á que se lle outorga representación no caso de ter delegada a un terceiro alleo á empresa a tramitación da solicitude de axuda.
7. Declaración de todas as axudas solicitadas ou concedidas, durante o tres anos anteriores, polas administracións públicas competentes ou entes públicos, nacionais ou internacionais ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitou nin obtivo outras axudas ou subvencións (Anexo I) .
8. Unha Memoria que conteña toda a información relativa á actividade económica da empresa, útil para a súa valoración de acordo con o baremo establecido, e que recolla a seguinte información:
 - Breve historia da empresa.
 - Actividade da empresa: Epígrafes IAE, produtos ou servizos para a venda.
 - Tipo de empresa de economía social (sociedade laboral, centro especial de emprego, ou clase de cooperativa).
 - Tamaño da empresa: En función da definición de microempresa, pequena e mediana empresa da UE, deberase indicar o tamaño da empresa (persoal, facturación, balance)
 - Persoas que conforman a empresa: Acodes socias traballadoras, de clase xeral, asalariadas, así como a estrutura e organigrama da empresa. Especial mención ao emprego feminino.
 - Uso do idioma galego na actividade da empresa.

- Outras informacións de interese, como o uso de TIC, actividades de internacionalización da empresa, etc.
- Orzamento de gastos subvencionables.

A extensión da memoria será de sete páxinas como máximo.

9. Calquera outra documentación que se estime necesaria para a baremación do expediente.

Documentación para a xustificación:

1. Facturas, nóminas, etc. dos gastos subvencionables.
2. Xustificantes de pagamento dos gastos subvencionables. Os xustificantes de pagamento deben identificar ao emisor e ao receptor do pagamento, así como o concepto. Os xustificantes de pagamento obtidos a través da banca electrónica deben ademáis estar selados pola entidade financeira.
3. Nóminas do persoal asalariado
4. Xustificantes de pagamento das nóminas
5. Xustificantes de pagamento das cotas da Seguridade Social a cargo da empresa.
6. Modelo de Documento de cobro do anticipo societario (segundo o modelo incluído como anexo II)
7. Xustificantes de pagamento dos anticipos societarios
8. Certificado bancario de titularidade de conta.
9. Certificados de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Xunta de Galicia, e Concello de Santiago de Compostela (neste último caso, será o propio Concello o que verifique que o solicitante se atopa ao corrente nos pagos).

Se a solicitude non reúne os requisitos previstos nos puntos anteriores, requirirase á persoa interesada para que, no prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, en caso contrario terase por desistido/a en a súa petición.

Avaliada a documentación, en base ao sistema de concorrencia competitiva e á puntuación obtida, elaborárase unha lista coas solicitudes aprobadas, o importe correspondente de axuda, e as denegadas.

A lista elaborárase por orde de puntuación, de maior a menor. En caso de empate, ordenaranse por orde de presentación en Rexistro.

Unha vez notificada a resolución do órgano competente aos interesados, disporán dun prazo de 10 días para recorrer.

8.-Xustificación

Xunto coa solicitude deberá achegarse toda a documentación precisa para adoptar a correspondente resolución de concesión para a aprobación da xustificación da axuda a conceder, no seu caso, polo que o prazo de xustificación coincide co de presentación de solicitudes.

O Formulario normalizado CS006ES dispoñible como anexo I, dispón dun apartado específico para declarar a relación da facturas e gastos de persoal que se presentan para xustificar a subvención solicitada.

Se existen outras subvencións para os mesmos gastos para os que se solicita a presente axuda, o importe que compre xustificar será a suma de todas as subvencións concedidas para os mesmos.

9º Prazos de presentación de solicitudes e xustificación

O prazo xeral de presentación de solicitudes e xustificación comezará a partir do seguinte ó da publicación do extracto desta convocatoria no boletín oficial da provincia da Coruña e finalizará o 31 de outubro de 2023.

Para a presentación das solicitudes de axudas as persoas beneficiarias poden contar co asesoramento do Servizo de Apoio á Empresa da Oficina de Economía do Concello de Santiago.

As consultas sobre as presentes bases, poderán facerse a través do correo electrónico do Servizo de Apoio á Empresa (sae@santiagodecompostela.gal), ata o 3 días hábiles antes do peche do prazo de presentación de solicitudes

10º Instrución do procedemento , emenda de solicitudes e avaliación

Recibidas as solicitudes, a instrución do procedemento levará a cabo pola área de Economía da Oficina de Promoción Económica e Emprego tendo en conta o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Oficina de Promoción Económica dependente de Alcaldía, realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución.

Se a solicitude non reúne os requisitos previstos nos puntos anteriores, requirirase á persoa interesada para que, no prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, en caso contrario terase por desistida na súa petición.

A avaliación das solicitudes, conforme os criterios de valoración establecidos na base 4ª, realizarase pola Oficina de Promoción Económica do Concello de Santiago de Compostela. Avaliada a documentación, en base ao sistema de concorrencia competitiva e á puntuación obtida, elaborase unha proposta motivada de lista coas solicitudes aprobadas, o importe correspondente de axuda, e as denegadas.

A lista elaborase por orde de puntuación, de maior a menor. En caso de empate, ordenaranse por orde de presentación en Rexistro. Unha vez notificada a resolución do órgano competente aos interesados, disporán dun prazo de 10 días para recorrer.

11º Resolución do órgano competente

Á vista da avaliación efectuada formularase, por parte de Alcaldía, proposta de resolución na que se indicarán as empresas beneficiarias, o importe correspondente de axuda, así como pronunciamento expreso e motivado sobre as solicitudes desestimadas; que se elevará á Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago, órgano competente para resolver o procedemento de concesión.

O procedemento resolverase antes do 15 de decembro de 2023. Transcorrido este prazo sen que teña recaído resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo.

A listaxe de persoas beneficiarias xunto co importe da axuda concedida, así como aquelas cuxa solicitude sexa denegada polos motivos que concorran, será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Santiago e na páxina web www.cersiaempresa.gal

12º Recursos

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

13º Obrigacións das persoas beneficiarias

1. Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
2. Comunicar ao órgano concedente, axiña que como se coñeza, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigacións asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
3. Manter a empresa, nas mesmas condicións que determinaron a obtención da subvención, polo prazo mínimo dun ano desde a súa concesión. O incumprimento desta obrigación será causa de revogación da subvención concedida.
4. Para os efectos do cumprimento do previsto pola Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia no referente á publicidade; o Concello facilitará o soporte gráfico que publicite a concesión da subvención, soporte que deberá figurar polo prazo dun ano desde a concesión nun lugar visible da sede social da empresa e/ou reproducido na portada Web vinculada á empresa.

5. As restantes obrigacións establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 Xeneral de Subvencións.

14º Incompatibilidades

A presente axuda quedará suxeita ao réxime de axudas de mínimos, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos, a excepción do sector do transporte por estrada que é de 100.000 Euros) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 da Tratado CE ás axudas de mínimos (DOUE nº L379/5, do 28 de decembro). Esta axuda será compatible con outras subvencións ou axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, co límite establecido na base 6ª. Esta axuda será incompatible con outras subvencións ou axudas concedidas para o mesmo fin polo Concello de Santiago de Compostela.

15º Reintegro

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de interese de demora, nos casos e nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 xeneral de subvencións e normativa de desenvolvemento.

16º Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución e eventualmente á súa revogación.

17º Entrada en vigor e vixencia

As presentes bases entrarán en vigor o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria. As bases completas da mesma poderán consultarse na Base Nacional de Subvencións así como na web municipal www.cersiaempresa.gal

18º Financiamento

A concesión das axudas previstas nesta convocatoria estará suxeita á existencia de crédito de 160.000 euros con cargo aos orzamentos municipais do ano 2023 partida 010 4300 4790002

19º Normativa

En todo o non disposto nestas bases resultará de aplicación a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003 xeral de subvencións.

**AXUDAS DESTINADAS A APOIAR ÁS EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Solicitante		
DNI-NIF/NIE	Nome e apelidos/Razón social	
Correo electrónico		Teléfono
Representante		
DNI-NIF/NIE	Nome e apelidos	Teléfono
Medio de notificación		
Correo electrónico (no caso de que se actúe a través de representante)		

Datos da empresa						
Nome/Razón social				Nº de Rexistro		
Enderezo fiscal						
Rúa/....			Núm.	Escaleira	Planta	Porta
CP	Municipio	Provincia		País		
Datos bancarios da empresa/entidade						
Titular da conta bancaria						
Número de conta bancaria IBAN:						

Datos da subvención que solicita	
Denominación da axuda que solicita	Importe solicitado

Documentación

Documentación para a solicitude:

- ☐ 1. Alta no réxime de Seguridade Social ou Mutua profesional, elixido dos socios das persoas solicitantes.
- ☐ 2. Certificado de situación censual actual da AEAT. Deberá constar epígrafe da actividade, data de alta, e domicilio da actividade.
- ☐ 3. Escritura de constitución e/ou posteriores modificacións, da sociedade ou cooperativa, ou sociedade laboral, no seu caso.
- ☐ 4. NIF/CIF da empresa e DNI da persoa representante
- ☐ 5. DNI da persoa que ostente a representación da sociedade e documento que acredite dita representación.
- ☐ 6. Orixinal ou fotocopia compulsada do poder suficiente outorgado para a tramitación desta axuda a un terceiro por representante da empresa, así como DNI da persoa á que se lle outorga representación no caso de ter delegada a un terceiro alleo á empresa a tramitación da solicitude de axuda.
- ☐ 7. Declaración de todas as axudas solicitadas ou concedidas, durante o tres anos anteriores, polas administracións públicas competentes ou entes públicos, nacionais ou internacionais ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitou nin obtivo outras axudas ou subvencións (Anexo I) .
- ☐ 8. Memoria Empresarial. A memoria empresarial, debera acompañar á solicitude, deberá conter a seguinte información:
 - Breve historia da empresa
 - Actividade da empresa: Epígrafes IAE, produtos ou servizos para a venda.
 - Tipo de empresa de economía social (sociedade laboral, centro especial de emprego, empresa de inserción ou clases de cooperativa)
 - Tamaño da empresa: en función de definición de micro empresa, pequena e mediana empresa da UE, debera indicar o tamaño da empresa (persoal, facturación, balance)
 - Persoas que conforman a empresa. Especial mención ao emprego feminino e ás persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social
 - Uso de idioma galego na actividade da empresa
 - Outras informacións de interese, como o uso de TIC, actividades de internalización da empresa, etc.
 - Orzamentos de gastos subvencionables
 - A extensión da memoria será de sete páxinas como máximo. A memoria empresarial valorarase, como máximo, con tres puntos.
- ☐ 9. Calquera outra documentación que se estime necesaria para a baremación do expediente.

Documentación para a xustificación:

- ☐ 1. Facturas, nóminas, etc. dos gastos subvencionables.
- ☐ 2. Xustificantes de pagamento dos gastos subvencionables. Os xustificantes de pagamento deben identificar ao emisor e ao receptor do pagamento, así como o concepto. Os xustificantes de pagamento obtidos a través da banca electrónica deben ademais estar selados pola entidade financeira.
- ☐ 3. Nóminas do persoal asalariado
- ☐ 4. Xustificantes de pagamento das nóminas
- ☐ 5. Xustificantes de pagamento das cotas da Seguridade Social a cargo da empresa.
- ☐ 6. Modelo de Documento de cobro do anticipo societario (segundo o modelo incluído como anexo II)
- ☐ 7. Xustificantes de pagamento dos anticipos societarios
- ☐ 8. Certificado bancario de titularidade de conta.
- ☐ 9. Certificados de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Xunta de Galicia, e Concello de Santiago de Compostela (neste último caso, será o propio Concello o que verifique que o solicitante se atopa ao corrente nos pagos).

Declaración responsable (sinale o que corresponda)

D./D^a. _____, con DNI/NIE _____, en calidade de:

☐ Presidente/a ☐ Secretario/a da empresa/entidade _____, con enderezo social en _____ e con NIF nº _____

Declaro baixo a miña responsabilidade que a empresa á que represento:

☐ Non está incursa en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

☐ Que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co Concello de Santiago achegando os certificados correspondentes.

☐ Que non supera o límite de *minimis* ao que se acolle esta convocatoria.

☐ Que os requisitos para poder ser beneficiaria cómprense no momento da publicación desta convocatoria no BOP.

☐ Que en relación con outras axudas solicitadas ou obtidas para os mesmos conceptos:

☐ Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para estes mesmos conceptos para os cales se solicita esta subvención.

☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para estes mesmos conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

Entidade á que se lle solicitou	Disposición reguladora	Ano	Importe solicitado	Importe concedido

☐ Que en relación con outras axudas solicitadas ou obtidas en réxime de *minimis*:

☐ Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda.

☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas, que son as que a seguir se relacionan:

Entidade á que se lle solicitou	Disposición reguladora	Ano	Importe solicitado	Importe concedido

☐ Que a empresa conta con _____ traballadores, _____ volume de negocio, e _____ balance xeral, a efectos da súa inclusión nunha das categorías, indicar cal:

☐ Microempresa

☐ Pequena

☐ Mediana empresa

☐ Que son veraces todos os datos reflectidos na memoria que se acompaña a esta solicitude.

☐ Que son veraces todos os datos reflectidos nesta declaración responsable.

Terán a consideración de gastos subvencionables os considerados como correntes realizados e pagos entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 15 de setembro de 2023. En concreto, os definidos no grupo 6 do PGC de PEMES seguintes

Concepto	Nº de Factura	Data	Proveedor	Data de pago	Importe (sin iva)	IVA	Importe (con iva)
----------	---------------	------	-----------	--------------	-------------------	-----	-------------------

[illegible]

Investimentos xustificados (acompañar facturas e xustificantes de pagamento)							
Relación de investimentos xustificados (acompañar de facturas e xustificantes de pagamento bancario)							
Concepto	Nº de Factura	Data	Provedor	Data de pagamento	Importe (sen iva)	IVE	Importe (con iva)
B) Subgrupo 62 Servizos exteriores. Fóra da conta 620 "Gastos de investigación e desenvolvemento"							
Total investimento subgrupo B)							

Páxina 6

Gastos de persoal					
Apelidos e nome	Período de liquidación	Líquido a percibir	Data	Importe de pagamento	Data de pagamento

Anticipos dos/as socios/as traballadores/as					
Apelidos e nome	DNI	Nº Afiliación á SS	Anticipo societario	Retención IRPF	Total a percibir

Verificación de datos por parte do Concello de Santiago de Compostela
☐ AUTORIZO ao Concello de Santiago a que obteña de forma directa, e en calquera fase do procedemento, a certificación acreditativa de que a Entidade está ao corrente nas súas obrigas co concello.

☐ PRESTO O MEU CONSENTIMENTO para a reutilización polo Concello dos documentos achegados
☐ NON PRESTO O MEU CONSENTIMENTO para que os datos ou documentos necesarios para o trámite desta solicitude sexan obtidos mediante consulta a outras administracións

Data da solicitude

Sinatura

Coa sinatura desta solicitude autorizo que o Concello de Santiago de Compostela realice o tratamento dos datos persoais declarados coa finalidade de xestionar o procedemento derivado dela. A lexitimación vén atribuída polo consentimento da persoa interesada e polas competencias municipais establecidas na normativa de aplicación. Conservarase o tempo necesario para resolver o expediente e as responsabilidades derivadas. As persoas destinatarias serán os departamentos municipais, as empresas concesionarias ou outras administracións públicas con competencias na tramitación do expediente. Poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente ante quen sexa responsable do tratamento e consultar información adicional en www.santiagodecompostela.gal

ANEXO 1: DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTACIÓN

En todos os casos é preciso achegar o DNI-NIF/NIE da persoa representada e da representante

Para a representación de persoas físicas maiores de idade (sinale o que corresponda)

- ☐ Poder notarial
- ☐ Apoderamento outorgado mediante comparecencia
- ☐ Outros documentos legais de representación maiores de idade

Para a representación de persoas xurídicas que carezan de capacidade para actuar

- ☐ Resolución xudicial

Para a representación de persoas xurídicas (sinale o que corresponda)

- ☐ Escritura pública
- ☐ Poder notarial

Para a representación de herdanzas xacentes, comunidades de bens ou outras entidades sen personalidade xurídica (sinale o que corresponda)

- ☐ Escritura pública
- ☐ Poder notarial

En caso de representación de persoas menores de idade (sinale o que corresponda)

- ☐ Libro de familia
- ☐ Resolución xudicial ou administrativa
- ☐ Outros documentos legais de representación